



DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA

Sección de Deportes e Mocidade

Referencia: PREM-CCP / 2026

Expediente convocatoria: 2026000000878

RESOLUCIÓN POLA QUE SE AVOCA A COMPETENCIA PARA A APROBACIÓN DAS BASES REGULADORAS DA PARTICIPACIÓN DE ATLETAS E SE APROBAN AS BASES E A CONVOCATORIA DO CIRCUÍTO DE CARREIRAS POPULARES (PREM-CCP / 2026)

Don **VALENTÍN GONZÁLEZ FORMOSO**, Presidente da Deputación Provincial da Coruña,

ANTECEDENTES

Por resolución número 29325, de 24 de xullo de 2023, o Presidente delegou na Xunta de Goberno entre outras: "A aprobación das bases de subvencións, cuxa competencia corresponda inicialmente ao presidente".

Tendo en conta a data da convocatoria da próxima Xunta de Goberno e considerando a urxencia de aprobar as Bases reguladoras do "Circuíto de Carreiras Populares", e vistos os informes do Servizo de Acción Social, Cultural e Deportes, da Secretaría Xeral e do Servizo de Fiscalización e Control Financeiro,

RESOLVO:

Primeiro. Avocar a competencia que, con carácter xeral foi delegada por resolución número 29325, de 24 de xullo de 2023 na Xunta de Goberno, e considerando a urxencia da aprobación das Bases reguladoras do "Circuíto de Carreiras Populares", que ven motivada pola necesidade de que as persoas destinatarias poidan facer as súas previsións respecto do obxecto da subvención neste programa para o exercicio 2026 coa suficiente antelación.

Segundo. Aprobar as Bases reguladoras do "Circuíto de Carreiras Populares", que figuran no Anexo - Bases Reguladoras.

Terceiro. Dispoñer a publicación das bases deste programa no Boletín Oficial da Provincia da Coruña.

Cuarto. Aprobar a convocatoria do Circuíto de Carreiras Populares, de conformidade coas bases reguladoras que figuran no Anexo - Bases Reguladoras.

Quinto. Remitir esta resolución, así como o extracto da convocatoria conforme ao Anexo - Extracto da convocatoria, á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), para a súa publicación a través

do Sistema Nacional de Publicidad de Subvenciones y Ayudas Públicas, de conformidade co previsto nos artigos 17.3.b e 20.8.a da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, publicación que se tramitará como urxente.

Sexto. Dar conta desta resolución á Xunta de Goberno.

De conformidade co establecido no artigo 40.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPACAP), infórmase de que a resolución anterior esgota a vía administrativa, de acordo co disposto no artigo 114.1) da LPACAP, polo que, en virtude do artigo 123 da referida norma, contra a presente resolución poderá interpoñer recurso potestativo de reposición ante o órgano que ditou o acto no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte a aquel no que teña lugar a notificación, tal e como tamén preceptúa o artigo 52.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local. Neste caso non se poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o recurso potestativo de reposición ou se produza a desestimación presunta deste.

Así mesmo, a persoa interesada poderá interpoñer directamente contra a presente resolución recurso contencioso-administrativo, previsto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses, contado a partir do día seguinte a aquel no que teña lugar a notificación, ante a Sección do Contencioso-Administrativo do Tribunal de Instancia que corresponda, de conformidade co disposto na devandita Lei e na disposición adicional primeira da Lei orgánica 1/2025, do 2 de xaneiro, de medidas en materia de eficiencia do Servizo Público de Xustiza.

Todo isto, sen prexuízo de que se poida exercitar calquera outro recurso que se estime pertinente.

ANEXO - BASES REGULADORAS

BASES REGULADORAS DA PARTICIPACIÓN DE ATLETAS NO XII CIRCUÍTO DE CARREIRAS DEPUTACIÓN DA CORUÑA

A Deputación Provincial da Coruña convoca o “XII Circuito de Carreiras Deputación da Coruña”, composto por carreiras populares celebradas na provincia ao longo do 2026 e organizadas por concellos da provincia, xa sexa ao través de xestión directa ou indirecta.

1. PARTICIPANTES

Poderán participar todas as persoas federadas e inscritas nalgunha das carreiras adheridas ao circuito e nas seguintes categorías oficiais:

	CATEGORÍA	IDADE
MENORES	Sub 10	2017-2018
	Sub 12	2015-2016
	Sub 14	2013-2014
	Sub 16	2011-2012
	Sub 18	2009-2010
ABSOLUTA	Sub 20	2007-2008
	Sub 23	2004-2005-2006
	Sénior	2003-1991
	Master 1	1986-1991
	Master 2	1976-1985
	Master 3	1966-1975
	Master 4 e seguintes	1965 e anteriores

A inscrición e participación en calquera carreira implica aceptar todas as normas do circuito.

A participación en carreiras do XII Circuito de Carreiras Deputación da Coruña non implica sobre custe algún para os/as atletas participantes, agás o estipulado pola propia organización de cada unha a nivel municipal.

2. NORMATIVA PARA A PARTICIPACIÓN

As inscricións das persoas participantes en cada unha das carreiras populares poderase efectuar a través do sistema en liña na páxina web da FGA www.carreirasgalegas.com salvo no caso de que a organización respectiva desexe habilitar outro sistema, facilitando un link de acceso a dito sistema a través de www.carreirasgalegas.com.

Os participantes deberán:

- Levar dorsal visible no peito en todo momento.
- Non usar o dorsal doutra persoa.
- Pasar por todos os controis.
- Realizar o percorrido completo.
- Respetar as instrucións da organización e xuíces.
- Non superar o tempo máximo establecido.
- Ter unha conduta deportiva correcta.

Ningún/ha atleta federado/a poderá competir con outro club que non sexa o que figure na súa licenza correspondente. No caso de que se producise esta situación, o/a atleta será descalificado/a automaticamente.

Por outra banda, os/as atletas que sexan sancionados por dopaxe, tampouco poderán optar aos premios por participación nas carreiras, nin a clasificacións en ningunha das probas que compoñen o circuíto, nin á clasificación final do circuíto.

A participación no “XII Circuíto de Carreiras Deputación da Coruña”, non supón ningún dereito nin privilexio respecto das normas e regulamentos esixidos na convocatoria de cada unha das probas, polo que cada corredor/a terá que aceptar tamén o regulamento específico cando así exista, de cada unha das probas que o integran.

As descualificacións de atletas nunha carreira levará aparellada a perda de todos aqueles puntos e posibles premios obtidas polo/a atleta infractor/a na proba de que se trate, e non serán tidas en conta para os efectos de puntuación do seu equipo.

Consideraranse as seguintes condutas antirreglamentarias do/a atleta:

- Alterar datos na inscrición.
- Non levar o dorsal perfectamente colocado en toda a súa extensión (no peito durante todo o percorrido) ata a súa entrada na meta.
- Participar cun dorsal que corresponde a outro corredor.
- Non pasar polos controis de carreira establecidos.
- Non realizar o percorrido de carreira completo.
- Non atender as indicacións dos membros da organización ou xuíces/zas.
- Entrar fóra da hora prevista pola organización como tempo máximo de duración da proba. · Pretender participar na carreira popular sen terse inscrito previamente.
- Aquela conduta que sexa estimada como antideportiva, sempre que non sexa motivo de expulsión do circuíto.
- Ser reincidente nalgunha infracción de descualificación de carreira.
- Realizar a inscrición alterando os datos de forma maliciosa.
- Manter unha actitude groseira, violenta, ou que en xeral atente en contra do espírito deportivo.
- Calquera outra de análoga natureza, que a xuízo do Comité Organizador (Concello,

Deputación da Coruña e FGA), poidan ser consideradas como conduta antideportiva merecedora de sanción disciplinaria.

A organización terá a potestade de esixir a identificación do participante, tanto na entrega de dorsais, como na entrega de premios ou agasallos. Ante a ausencia de documentación ou dúbida sobre ela, será a organización de cada carreira quen resolva a incidencia, autorizando ou denegando tanto a participación do/a atleta como a entrega de premios ou agasallos por participación nas carreiras.

3. CLASIFICACIÓNS

Clasificación individual:

Para poder optar aos premios da Clasificación Xeral Individual no XII Circuito de Carreiras Populares da Deputación da Coruña, os/as atletas deberán ter participado como mínimo en 15 das carreiras celebradas no 2026.

A Clasificación Xeral Individual estará determinada pola posición acadada en cada unha das carreiras:

Puntuarán en cada carreira os/as 20 primeiros/as, outorgando 20 puntos ao/á primeiro/a; 19 puntos ao/á segundo/a..... e así sucesivamente ata o/a vixésimo/a que terá 1 punto.

Ao final do “XII Circuito de Carreiras Populares da Deputación da Coruña”, sumárase a puntuación de cada participante nas diversas carreiras para establecer a clasificación xeral.

Clasificación por clubs: Haberá dúas clasificacións:

1.- Categoría por club de **Menores**: cómputo total de participantes de cada club nas categorías Sub10, Sub12, Sub14, Sub16 e Sub18 nas diferentes carreiras que compoñen o circuito.

2.- Categoría por club **Absoluta**: cómputo total de participantes de cada club nas categorías Sub 20, Sub 23, Sénior, Master 35, Master 40, Master 45, Master 50 e seguintes, nas diferentes carreiras que compoñen o circuito.

Sistema de clasificación por clubs:

Sistema de clasificación por clubs	
Pola clasificación xerada en cada carreira. Consideraranse os/as 50 primeiros/as clasificados/as en cada categoría e proba.	
1	50 puntos
2	49 puntos
3	48 puntos
4	47 puntos
5	46 puntos
6	45 puntos
7	44 puntos
(.../...)	(.../...)

47	4 puntos
48	3 puntos
49	2 puntos
50	1 punto

Sumaranse o número total de puntos obtidos en todas as probas do circuíto e establecerase a clasificación xeral dos clubs, proclamándose vencedor do “XII Circuíto de Carreiras Deputación da Coruña”, o club que máis puntos obteña, e así sucesivamente.

Non se puntuarán a nivel de club aqueles deportistas que na súa inscrición non fagan constar a que club pertencen.

Se nas diversas clasificacións do “XII Circuíto de Carreiras Deputación da Coruña”, dous/dúas ou máis atletas ou clubs estiveran empatados a puntos, a orde de clasificación entre eles/as determinarase polo maior número de primeiros postos comparados entre ambos nas diferentes carreiras disputadas, proclamándose vencedor/a aquel que obtivera mellores postos.

No caso de haber máis dunha carreira absoluta soamente se puntuará a de maior distancia.

4. TROFEOS E PREMIOS PARA PARTICIPANTES

Outorgarase **trofeo** ás tres primeiras persoas gañadoras absolutas do circuíto de Carreiras, feminina e masculina (6 trofeos)

Outorgaranse **trofeo** ás tres primeiras persoas clasificadas en cada unha das categorías establecidas nesta bases reguladoras, tanto femininas como masculinas (72 trofeos)

A Deputación destina un total de **9.600,00 €** para o pago de premios en metálico ás/aos participantes e clubs mellores clasificados no “XII Circuíto de Carreiras Deputación da Coruña”, de acordo co seguinte:

3.600 € para premios aos/ás clasificados/as **individuais** da categoría absoluta (homes e mulleres).

3.000 € para premios aos/ás clasificados/as por **clubs da categoría absoluta**.

3.000 € para premios aos/ás clasificados/as por **clubs da categoría de menores**.

PREMIOS ÁS CLASIFICACIÓNS INDIVIDUAIS	
Categoría absoluta homes	Categoría absoluta mulleres
1º: 800 € e trofeo	1ª: 800 € e trofeo
2º: 600 € e trofeo	2ª: 600 € e trofeo
3º: 400 € e trofeo	3ª: 400 € e trofeo
PREMIOS ÁS CLASIFICACIÓNS POR CLUBS	
Categoría absoluta homes	Categoría absoluta mulleres
1º: 600 € e trofeo	1ª: 600 € e trofeo

2º: 500 € e trofeo	2ª: 500 € e trofeo
3º: 400 € e trofeo	3ª: 400 € e trofeo
Menores homes (sub10, sub12, sub14, sub16, sub18)	Menores mulleres (sub10,sub12, sub14, sub16, sub18)
1º: 600 € e trofeo	1º: 600 € e trofeo
2º: 500 € e trofeo	2º: 500 € e trofeo
3º: 400 € e trofeo	3º: 400 € e trofeo

O importe de gastos en premios en metálico imputarase á aplicación orzamentaria 0612/3411/481 do orzamento vixente.

Estes premios en metálico están suxeitos a Lei 38/2003, xeral de subvencións, polo que estas bases, a súa convocatoria, concesión e pago dos premios serán publicadas no BOP e na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS)

5. DOCUMENTACIÓN PARA COBRAR PREMIOS EN METÁLICO

A Deputación aboará os premios mencionados na base anterior directamente ás persoas ou aos clubs participantes, en función da clasificación obtida e que consta na acta final de clasificación nas carreiras.

Coa finalidade de percibir os premios por participación nas carreiras, que se aboarán mediante transferencia bancaria, ás persoas ou aos clubs participantes deberán achegar ao través da sede electrónica da Deputación da Coruña (solicitud xeral), e con referencia XII Circuito de Carreiras da Deputación da Coruña a seguinte documentación:

- Designación da conta bancaria na que se efectuarán os aboamentos, conforme ao modelo normalizado que figura na páxina web: [MODELO DESIGNACION CUENTA BANCARIA GALEGO.pdf](#)
- Achegarán ademais certificación de titularidade da conta seguindo as instrucións que figuran neste modelo.
- Certificacións das administracións tributarias correspondentes e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que a persoa está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social. Poderá omitirse a presentación desta documentación sempre que envíe un documento autorizando expresamente á Deputación provincial da Coruña ás consultas tributarias e non se opoña á consulta de datos da Seguridade Social
- Autorización para que a entidade adxudicataria do contrato de coordinación das carreiras que integran o “XI Circuito de Carreiras Deputación da Coruña”, poida facilitar á Deputación Provincial da Coruña os seus datos persoais, coa finalidade de organizar a gala de entrega de trofeos.
- NIF do club/persoa participante.
- Enderezo de correo electrónico do club/persoa participante de notificación.

A Deputación fixará un día e lugar para a celebración da gala de entrega de trofeos na que se entregarán os das mellores clasificacións individuais e por equipos do “XII Circuito de Carreiras Populares Deputación da Coruña”

6. INFORMACIÓN AO PARTICIPANTE

Toda a información, clasificacións e resultados poderán consultarse en:

- www.atletismo.gal
- www.carreirasgalegas.com
- **www.dacoruna.gal**

ANEXO - EXTRACTO DA CONVOCATORIA

GALEGO

Primeiro. Beneficiarios

Atletas participantes en calquera das carreiras do “XII Circuito de Carreiras Deputación da Coruña”, composto por carreiras populares celebradas na provincia ao longo do 2026 e organizadas por concellos da provincia, xa sexa ao través de xestión directa ou indirecta.

Segundo. Obxecto

Regular a participación e a concesión e pago de premios

Terceiro. Bases reguladoras

A presente convocatoria rexerá polas Bases reguladoras publicadas no BOP.

Cuarto. Contía

A Deputación destina un total de **9.600,00 €** para o pago de premios en metálico ás/aos participantes e clubs mellores clasificados no “XII Circuito de Carreiras Deputación da Coruña”

Quinto. Prazo de presentación de solicitudes

A Deputación aboará os premios en metálico mencionados nas bases directamente ás persoas ou aos clubs participantes, en función da clasificación obtida e que consta na acta final de clasificación nas carreiras, unha vez terminado o Circuito poderá solicitarse a concesión e pago do premio correspondente.

Coa finalidade de percibir os premios por participación nas carreiras, que se aboarán mediante transferencia bancaria, ás persoas ou aos clubs participantes deberán achegar ao través da sede electrónica da Deputación da Coruña (solicitud xeral), e con referencia XII Circuito de Carreiras da Deputación da Coruña a documentación indicada.

CASTELLANO

Primero. Beneficiarias

Atletas participantes en cualquiera de las carreras do “XII Circuito de Carreras Diputación da Coruña”, compuesto por carreras populares celebradas en la provincia a lo largo del año 2026 y organizadas por ayuntamientos de la provincia, ya sea a través de gestión directa o indirecta.

Segundo. Objeto

Regular la participación e la concesión y pago de premios

Tercero. Bases reguladoras

La presente convocatoria se regirá por las Bases reguladoras publicadas en el BOP.

Cuarto. Cuantía

La Diputación destina un total de **9.600,00 €** para el pago de premios en metálico a las/os participantes y clubs mejores clasificados en el “XII Circuito de Carreras Diputación da Coruña”

Quinto. Plazo de presentación de solicitudes

A Diputación abonará los premios en metálico mencionados en las bases directamente a las personas o a los clubs participantes, en función de la clasificación obtenida y que consta en el acta final de clasificación en las carreras, una vez terminado el Circuito podrá solicitarse la concesión y pago del premio correspondiente.

Con la finalidad de percibir los premios por participación en las carreras, que se abonarán mediante transferencia bancaria, a las personas o a los clubs participantes deberán adjuntar a través de la sede electrónica de la Diputación de A Coruña (solicitud general), y con referencia XII Circuito de Carreras da Diputación da Coruña, a documentación indicada.